

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BAÑOS DE MOLGAS
Edificio	Ermida de San Caetano de Formigoso
Dirección	Lugar de Formigoso, 31, 32701
	42.234120 -7.676743
Protección	
Descrición	<p>A pequena capela de San Caetano de Formigoso posúe planta rectangular con muros de sillaría de 6,00 x 11,00 metros e cuberta de tella a dúas augas. No fronte destaca o arco de medio punto cegado sobre o que se insire a porta de acceso. Coroándoo, unha pequena espadana cun van onde se atopa a campá, apoiada sobre cornixa, e remate en cruz de pedra adornada con pequenos pináculos rematados en bolas. Ademais, remates de pináculos con bolas e ventás nos laterais.</p> <p>Formigoso, queda a par de Baños de Molgas. Consérvase a tradición de ter existido aquí Casa Grande. O que non é tradición, senón realidade, é que na capela de San Caetano, padroeiro do pequeno lugar, á beira da porta frontal, hai un escudo que acaso non teña relación algunha coa problemática señorial que imos historiando. ¿Ou si? É un escudo sen cimeira, pero si empenachado de tres grandes frondas ou plumas e con macollas ó pé anoadas por flor de lis. Unha banda engolada en dragantes divide de enxergo o campo con lobo pasante a cada lado. Abranguen o escudo deica sobrepasar o xefe, dous grandes cobrós.</p> <p>Poden ser armas de Garrido; o P. Crespo (Blasones, XXI, 36) sitúa ós Garrido nas Terras da Limia. Un Xoán Garrido vemos en Lodoselo a mediados do XVII, cuxo neto, Pedro Garrido, ven casar con Ana María de Nóvoa no Val do Medo, da casa de Maceda. Non falta o apelido Garrido neste Val.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	GAVILANES BLANCO, José Antonio / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	08-04-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Única.	MÚRUA	1959	40	37

Información completa: [Ermida de San Caetano de Formigoso - BAÑOS DE MOLGAS \(GALICIA\)](#)

PDF (19-06-2026)